




C.E.P.

PLURILINGÜE
DE

RIOMAIOR



PLAN DE IGUALDADE
Curso 2024-25





DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 10/10/23

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 10/10/23

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 11/10/23

1º Revisión 8/10/24



TÁBOA DE CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN	4
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA	5
3. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO	6
4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XENERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA	9
5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS.....	11
6. MEDIDAS CONCRETA DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS.....	12
7. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	16
8.-GLOSARIO	21



1. INTRODUCCIÓN

Seguindo a *Instrución do 6 de setembro de 2019*, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020 elaboramos este plan, xa que o noso centro debe avanzar á velocidade que avanza a sociedade, e por iso debe poñerse ao día en temas de igualdade para que non se produzan feitos como os que a diario saen nos medios de comunicación.

Arrastramos un pasado e unha historia non tan afastada, na que as mulleres loitaron por ser quen de chegar a representar á sociedade e é o momento de dar un paso máis na igualdade de xénero, entendendo como xénero un abano amplo de posibilidades. Creemos en persoas e non en xéneros illados. Na nosa contorna aínda se denotan posicións machistas que veñen influídas dende o entorno social mais próximo.

A *familia* e a *escola* son os primeiros ámbitos de socialización e construción da cultura que pode *cambiar ou perpetuar* formas de pensamento e acción social por isto son decisivos na transmisión do respecto, da tolerancia, da igualdade entre homes e mulleres, tamén desempeñan un papel moi *importante na compensación de desigualdades*.

A *función da escola* é formar persoas de xeito integral para que saiban *ser, sentir e pensar*, sen ter en conta o xénero que se posúa ou có cal se identifique

Para conseguir isto dende o **CEP Plurilingüe de Riomaioir** contamos coa potenciación de *valores, saberes, destrezas e habilidades* que conduzan ao alumnado a acadar unha adecuada *competencia emocional e social* onde o respecto e tolerancia polos demais sexan o motor que impulsen unha boa convivencia.



Debemos educar nun *entorno libre de prexuízos e estereotipos* de xénero, procurar un ambiente de respecto, diálogo e resolución pacífica de conflitos, so así conseguiremos unha educación de calidade. Para isto será fundamental que a escola proporcione *modelos de igualdade e coeducación* desde prácticas non sexistas, comunicación e accións proactivas, educación afectivo-sexual así como destacar o importante papel da muller na sociedade de cara a evitar todo tipo de discriminación e violencia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

Este plan xurde dende o amparo das seguintes leis:

- ✓ *Constitución española.*
- ✓ *Declaración universal sobre os dereitos humanos. Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.*
- ✓ *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.*
- ✓ *Directiva 200/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000.*
- ✓ *Lei 62/2003, do 30 de decembro, medidas fiscais administrativas e da orde social.*
- ✓ *Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.*
- ✓ *Lei 272006, DO 14 DE xuño, do dereito civil de Galicia.*
- ✓ *Principios de Yogyakarta.*
- ✓ *Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.*
- ✓ *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (LOE).*
- ✓ *Lei 4/2011, do 7 de decembro pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.*
- ✓ *Lei 2/2014 , pola igualdade e trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.*



- ✓ Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia da convivencia escolar.
- ✓ Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia.
- ✓ Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020.
- ✓ Decreto 155/2022 do 15 de setembro
- ✓ Lei 3/2020 do 29 de decembro

3. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O *CEP Plurilingüe de Riomaor* é un centro de 6 unidades de 1º a 6º de Educación primaria. O alumnado distribúese de seguinte xeito:

<u>CURSO</u>	<u>MULLERES</u>	<u>HOMES</u>
1º	10	5
2º	12	10
3º	5	15
4º	5	13
5º	8	12
6º	6	5
TOTAL	46	60
TOTAL	106	

O cadro do persoal do centro educativo para o curso 24-25 é o seguinte:



Persoal Docente Adscrito

<i>Mestres/as de Educación Primaria</i>	6
<i>Mestra de Educación Física</i>	1
<i>Mestra de Música</i>	1
<i>Mestre de Lingua Estranxeira Inglés</i>	1
<i>Mestra de Relixión</i> (COMPARTIDA)	1
<i>Mestra de Pedagogía Terapéutica</i>	1
<i>Orientadora</i>	1
<i>Mestre de AL (compartido)</i>	1
Nº Total de Mestres/as	13
Persoal Non Docente	
<i>Persoal Auxiliar Coidador (PAC)</i>	<u>1</u>
<i>Conserxe</i>	<u>1</u>
<i>Persoal de limpeza</i>	<u>2</u>

Equipo Directivo	1 Directora	1 Secretaria
Claustro	13 mestres/as	
Persoal non docente	3	

Trátase dun entorno rural situado na PO-550 entre as poboacións de Vigo e Pontevedra. A construción da ponte de Rande mellorou esta comunicación. A poboación traballa en tarefas relacionadas co mar, pesca, empresas conserveiras, e actualmente dende a liberación da peaxe residen persoas foráneas que traballan no sector servizos en Vigo e Pontevedra.

Dentro do centro continuamos incidindo na importancia da igualdade, o respecto e a non violencia de xénero, actualizando a lexislación e documentación e poñendo en práctica dinámicas que fomenten o bo trato entre homes e mulleres así como, potenciando valores de xeito transversal na liña que marca as *instrucións do 6 de setembro de 2019* en relación á





violencia de xénero, a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación en relación á orientación afectivo-sexual e ao colectivo LGTBI+.


Traballamos sen libros de texto aínda se aprecian algunhas reminiscencias de linguaxe sexista.


Non existen espazos específicos de nenas e nenos agás os aseos, estudándose unha proposta, de xeito experimental, para ofertar algún baño mixto.


Principios educativos do centro

-  Propugnamos unha escola plurilingüe.

-  Cremos que os hábitos lectores han ser a base do proceso de aprendizaxe dos nosos alumnos e alumnas.

-  Apostamos por un ensino máis comprometido co ser e co saber facer e co estar que simplemente co saber, en función das características e a realidade dos nenos e nenas de Vilaboa. Tratamos de que sexan persoas capaces de emprender iniciativas, elaborar criterios propios, interpretar as súas experiencias, expresar a súa afectividade e dar renda solta á súa creatividade.

-  Consideramos fundamental desenvolver ao máximo a autonomía de traballo dos/as alumnos/as, de maneira que sexan eles/as os/as protagonistas do seu proceso de aprendizaxe, é dicir, que “aprendan a aprender”.

-  Propugnamos un modelo de escola baseado na coeducación e a igualdade entre os sexos, tratando de eliminar estereotipos en relación cos papeis do home e da muller na sociedade e respectando as súas diferenzas.



- 📖 Defendemos unha escola que prepare aos/ás alumnos/as para que sexan cidadáns e cidadás activos/as e democráticos/as, fomentando o desenvolvemento de hábitos, comportamentos e valores relacionados coa educación pola paz, a cooperación, a tolerancia, a solidariedade e o respecto ás opinións dos outros.
- 📖 Mantemos unha liña educativa que teña como base a atención á diversidade, tratando de dar resposta aos intereses e necesidades educativas de cada alumno/a, de maneira que todos/as poidan aprender segundo as súas capacidades.
- 📖 O Centro maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas e ideoloxías.
- 📖 A xestión institucional do CEP Plurilingüe de Riomaior baséase nos principios dunha escola democrática, coa participación real e efectiva de todos os sectores que a compoñen, a través dos representantes elixidos.

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XENERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIQ+FOBIA

FORTALEZAS

O CEP Plurilingüe de Riomaior leva anos sensibilizado con este tema polo que xa estamos poñendo en practica medidas relacionadas coa igualdade de xénero por exemplo as seguintes:

- Nomeamento no seo do Consello Escolar de D^a María Ortíz Meira Veras (Nai) e D^a Raquel Peón Silva (Mestra) como responsables e dinamizadoras dos aspectos relacionados coa igualdade. Estas persoas velan por impulsar medidas educativas que fomentan a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, deberán a partir de agora identificar posibles discriminacións e estereotipos sexistas e promoverán acción destinadas a destacar o valor da igualdade prevención de violencia de xénero.
- Activación de protocolos e medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero seguindo o procedemento establecido no plan de convivencia e/ou *Decreto*



8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- Concreción dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro en especial do Proxecto de dirección, PE, PXAD, PAT, PXA.
- Difusión dos obxectivos coeducativos a través da páxina web para informar e sensibilizar a toda a comunidades.
- Definición de medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.
- Concreción dos contidos dunha educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional, educativa libre de estereotipos de xénero.
- Realizamos actividades dirixidas ao alumado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar 25 de novembro día da non violencia, e 8 de marzo día internacional da muller celebración da LGBTI.
- Contamos coa colaboración da asociación FADEMUR que traballo no eido rural para desenvolver valores da igualdade no medio rural.
- Poñeremos en valor con visitas ao centro de mulleres con éxito en eidos como o deporte, a cultura e a ciencia.

DEBILIDADES

- Aínda quedan reminiscencias machistas alentadas dende as familias, ben polos avós ou polos proxenitores de maior idade.
- Obsérvanse comentarios non adecuados sobre a condición de xénero ou a tendencia de alumnado a insultar con algunha palabra que fai relación a un determinado xénero.
- Se constata que aínda non hai igualdade no reparto dos roles familiares, tanto no coidado como no seguimento das responsabilidades educativas, sendo as nais as que veñen, por norma xeral ás titorías.
- Revisar a linguaxe sexista, as actitudes e hábitos dos adultos.



5. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTES TEMAS

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

- Integrar de modo transversal en todas as áreas do currículo a corresponsabilidade do traballo doméstico.
- Promover a igualdade entre homes e mulleres.
- Promover a igualdade de oportunidade entre nenos e nenas e mestres e mestras.
- Resaltar perfís de mulleres destacadas no mundo das ciencias e de todos os ámbitos profesional.
- Promocionar o respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Previr, detectar e intervir en casos de LGBTIfobia.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Desenvolver a capacidade de diálogo positivo para solucionar os conflitos derivados das diferenzas de xénero.
- Educar na prevención da violencia de xénero.

A educación transversal dos principios de igualdade, visibilidade e sensibilización de comportamento e actitudes adecuadas e respectuosas, proposta e dinámicas de formacións que promovan a inclusión, a non violencia e a non LGTBIfobia serán piares fundamentais sobre os que se vertebran as liñas de actuación de centro.

Todos somos diferentes pero iguais en dereitos.

Terase en conta a paridade nos nomeamentos, na realización de grupos, na dirección de propostas, etc.

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo – sexual



- Eliminar estereotipos relacionados co ámbito afectivo-sexual educando na diversidade, o respecto e a tolerancia.
- Programas de habilidades sociais, educación afectivo-sexual fomentando o respecto polas diferencias.
- Coñecer as diferenzas entre identidade sexual, identidade de xénero e expresión de xénero, orientación afectivo-sexual, entre outras.
- Decatarse de que o insulto, a ameaza, a manipulación son o principio da violencia de xénero.
- Traballar a empatía.

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

- Potenciar xogos cooperativos e xoguetes non sexistas.
- Eliminar a linguaxe sexista propoñendo unha linguaxe coeducativa, inclusiva e adecuada.
- Superar estereotipos, prexuizos e discriminacións por razón de xénero, orientación afectivo-sexual, LGTBIQ+.
- Coñecer e respectar as distintas tendencias sexuais, razas ou relixións e formas de pensar diferentes.
- Aprender a coñecer o propio corpo dende o punto de vista biolóxico, fisiolóxico, non sexista ou racista.
- Presentar o número 016 e explicar a función.

6. MEDIDAS CONCRETA DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS

5.1 Organización do centro

- Revisar os documentos do centro para que reflexen os principios educativos e as accións en favor da igualdade.
- Deberán figurar no PE como valores e principios fundamentais a igualdade entre homes e mulleres, a responsabilidade social e a colaboración cos demais.
- Na PXA deben figurar as datas de conmemoracións ligadas a este ámbito.



- Revisar as NOFC para que se adapten ao novo escenario.
 - Nas linguas tratar de evitar a linguaxe sexista.
 - Polo carácter transversal da igualdade figurarán nas programacións actividades relacionadas coa mesma.
 - Na titorías terase en conta o respecto polos demais e a igualdade de dereitos e oportunidades, diálogo, colaboración e relación entre as persoas
 - O departamento de orientación traballará para detectar situacións de risco.
 - Utilización da linguaxe non sexista e inclusiva nas comunicacións ás familias documentos, boletíns...
 - Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro, como pode ser na elaboración de documentación, comunicacións ás familias, carteis, etc.
 - Participaremos no plan de formación do profesorado con temas relacionados coa convivencia, igualdade e a diversidade.
 - Participaremos nos contratos programa na modalidade de IGUALA-T.
 - Dentro do plan director propoñeremos charlas sobre a violencia de xénero.
 - Celebraremos as conmemoracións que dende o calendario escolar se propoñen con relación a esta temática.
 - Programa “School to School” para ver a diferenza intercultural neste ámbito.
- 20 de novembro: Día da Infancia.
 - 25 de novembro.- Día da violencia de xénero.
 - 10 de Decembro.- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - 30 de Xaneiro.- Día Escolar da no Violencia e da Paz.
 - 8 de marzo Día Internacional da muller.
 - 2 de maio Día Internacional contra o Acoso Escolar

*De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, **para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual,***



os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

En canto as accións concretas nas competencias

- 🕒 **Comunicación lingüística.** Traballar o uso adecuado da linguaxe evitando a discriminación por razón de xénero, orientación sexual, identidade de xénero/sexual...
- 🕒 **Competencia matemática e competencias clave en ciencia e tecnoloxía.** Traballarase as diferenzas entre homes e mulleres, o coñecemento do corpo... Destacar e/ou divulgar os éxitos e logros acadados por mulleres nos ámbitos científico-tecnolóxico.
- 🕒 **Competencia dixital.** Debemos ensinar ao alumnado a analizar as mensaxes que aparecen nos medios de comunicación en relación ao xénero, estereotipos, linguaxe non inclusiva de cara a acadar o desenvolvemento dunha capacidade crítica adecuada ante os mesmos.
- 🕒 **Competencias sociais e cívicas.** Fomentar valores e actitudes para vivir en sociedade eliminando a violencia de xénero. Traballaremos para resaltar o valor da igualdade, a tolerancia e o respecto.
- 🕒 **Aprender a aprender.** Analizaranse situacións concretas que se lle presentarán ao alumnado, reflexionando, debatendo, elaborando tarefas como murais, etc.
- 🕒 **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.** Fomentarase a autonomía

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes

- Detectar aspectos discriminatorios en cancións infantís, retahílas, etc.



- En educación física reflexar unha imaxe positiva da muller exenta de estereotipos de xénero evitando atributos masculinos á acción ou femininos ao contrario.
- Nas representacións teatrais repartir os papeis sen ter en conta o sexo da persoa.
- Incorporar accións coeducativas a través do fomento das competencias, coñecementos e valores necesarios para que o alumnado se eduque na corresponsabilidade e se fagan cargo das actuais e futuras necesidades e responsabilidades relacionadas co traballo doméstico e coidado das persoas.
- Propor melloras dende os ciclos, coordinados pola CCP, nas programacións didácticas e na práctica docente dende unha perspectiva de xénero: incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os oficios asociados tradicionalmente aos homes, as desigualdades de xénero...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (vídeos, imaxes, textos, audios...)
- Realizar actividades de información e sensibilización para toda a comunidade educativa.

5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades da realización vocacional de xeito inclusivo

- Na hora do recreo ter en conta que os espazos serán comúns sen ningún tipo de diferenza por razón de xénero, LGTBIQ+...
- Farase valoración sobre as incidencias do patio e analizarase si teñen que ver co tema da igualdade.
- Crearase un espazo na biblioteca específico para temas de igualdade.
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Empregar as novas de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.



- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Realizar acción coeducativas que fomenten a igualdade.
- Deixar que elixan opción de xogo e actividades sen condicionamento do xénero
- Fundamentar as relación humanas no respecto á igualdade de oportunidades, bo dialogo e na resolución pacífica de conflitos
- Favorecer o desenvolvemento da autoestima do alumnado a través de actividades que promovan a empatía a expresión das emocións e a aceptación das diferencias e das técnicas de resolución de conflitos.
- Desenvolver actividades multinivel e de coeducación.
- Eliminar a linguaxe sexista das dependencias e instaurar unha linguaxe inclusiva entre a comunidade educativa.

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Non debemos esquecer que as diferenzas entre os sexos son enriquecedoras, que a igualdade non é a eliminación das diferenzas, se non a eliminación de toda discriminación e desigualdade a causa das diferencias mesmas. (igualdade de dereitos, de participación e de promoción persoal-social).

Para avaliar a marcha do plan de igualdade farase unha avaliación continua que nos permitirá saber se os obxectivos sinalado están sendo axeitados e si as actividades propostas son satisfactorias, realizando, de ser o caso, as modificacións pertinentes.



Valorarase o grao de implicación de cada membro que compón a comunidade educativa con responsabilidade neste campo.

A comisión formada pola nai e a mestra valorarán os resultados do plan.

A comisión de delegada/os e mediadoras/es valorarán as incidencias do curso e o xeito de resolvelas de forma proactiva.

A final de curso valorarase o grao de satisfacción da experiencia cos seguintes instrumentos de avaliación.

- a) Revisión dos obxectivos e actividades.
- b) Reunión de seguimento co profesorado.
- c) Memoria del Plan de Igualdade.
- d) Enquisas e sondaxes ao profesorado e as familias.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO					
ACCIÓN	RES.	TEMPO	SI	NO	EP
Revisar os documentos do centro para que reflexen os principios educativos e as accións en favor da igualdade.					
Deberán figurar no PE como valores e principios fundamentais: a igualdade entre homes e mulleres a responsabilidade social e a colaboración cos demais.					
Na PXA deben figurar as datas de conmemoracións ligadas a este temas.					
Revisar as NOFC para que se adapten ao novo escenario.					



Nas linguas tratar de evitar a linguaxe sexista a prol duna linguaxe inclusiva.					
Polo carácter transversal da igualdade figurarán nas programacións actividades relacionadas coa igualdade.					
Na titorías terase en conta o respecto polos demais e a igualdade de dereitos e oportunidades, diálogo, colaboración e relación entre as persoas.					
O departamento de orientación traballará para detectar situacións de risco.					
Utilización da linguaxe non sexista nas comunicacións ás familias documentos, boletíns...					
Participaremos no plan de formación do profesorado con temas relacionados coa convivencia e igualdade.					
Participaremos nos contratos programa CPInlúe na modalidade de IGUAL-T.					
Dentro do plan director propoñeremos charlas sobre a violencia de xénero.					



<p>Celebraremos as conmemoracións que dende o calendario escolar se propoñen con relación a este s temas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> 20 de novembro: Día da Infancia. <input type="checkbox"/> 25 de novembro.- Día da violencia de xénero. <input type="checkbox"/> 10 de Decembro.- Día da declaración universal do dereitos humanos. <input type="checkbox"/> 30 de Xaneiro.- Día da Paz. <input type="checkbox"/> 8 de marzo Día da muller. <input type="checkbox"/> 2 de maio Día Mundial contra o Acoso Escolar <input type="checkbox"/> Pola igualdade de trato e a non discriminación LGTBIQ+ <i>para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.</i> 					

ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.					
ACCIÓNS	RESPO	TEMPO	SI	NO	EP
Detectar aspectos discriminatorios en cancións infantís, retahilas e sortes, textos, etc.					
En educación física reflexar unha imaxe positiva da muller exenta de estereotipos de xénero evitando atributos masculinos á acción ou femininos ao contrario.					



Nas representacións teatrais repartir os papeis sen ter en conta o sexo da persoa.					
Incorporar as competencias e coñecementos necesarios para que o alumnado se eduque na corresponsabilidade e se fagan cargo das actuais e futuras necesidades e responsabilidades relacionadas co traballo doméstico e coidado das persoas.					

XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DA REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO					
ACCIÓNS	RESP	TEMP	SI	NO	EP
Na hora do recreo ter en conta que os espazos serán comúns sen ningún tipo de diferenza por razón de xénero					
Farase valoración sobre as incidencias do patio e analizarase si teñen que ver co tema da igualdade.					
Crearase un espazo na biblioteca específico para temas de igualdade.					



INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR					
ACCIÓNS	RESP	TEMP	SI	NO	EP
Realizar acción que fomenten a igualdade.					
Deixar que elixan opción de xogo e actividades sen condicionamento do xénero.					
Fundamentar as relación humanas no respecto á igualdade de oportunidades, bo dialogo e na resolución pacífica de conflitos					
Favorecer o desenvolvemento da autoestima do alumnado a través de actividades que promovan a empatía, a competencia emocional e social, a aceptación das diferenzas así como potenciar estratexias adecuadas de resolución pacífica de conflitos.					
Desenvolver actividades multinivel e de coeducación.					
Eliminar a linguaxe sexista do centro educativo a prol do uso dunha linguaxe inclusiva.					

8.-GLOSARIO

Sexo biolóxico	Resultado da integración dos diferentes niveis de sexuación (xenético, gonadal, hormonal, etc.). Dá lugar a dúas categorías: neno e nena.
-----------------------	---



Identidade de xénero	Conxunto de regras e convencións establecidas pola sociedade que definen as pautas de comportamento a seguir polas persoas dun ou doutro sexo.(Rol sexual social)
Identidade sexual	É a identificación persoal cara un determinado sexo. (Sentirse muller ou home)
Orientación do desexo	O obxecto do noso desexo é variable, e a forma de orientalo definirá a nosa orientación sexual. Existen tres orientacións sexuais: homosexual, bisexual e heterosexual.
Disforia de sexo ou xénero	Desgusto pola propia identidade biolóxica. Sófrena as persoas que nacen cun sexo biolóxico que non se corresponde co que psicoloxicamente sente.(Homes que se senten mulleres e mulleres que se senten homes)
Transexual masculino	Home que sente, pensa e actúa como un home aínda que nacesse con xenitais femininos.
Transexual feminino	Persoa que sente, pensa e actúa como unha muller aínda que nacesse con xenitais masculinos.
Transfobia	Medo, odio, rexeitamento cara ás persoas transexuais. Maniféstase de moitas maneiras: estigmatización (etiquetaxe social baseada en prexuízos e estereotipos), discriminación, illamento, desigualdade xurídica, violencia.
Intersexual	Que presenta conxuntamente características sexuais dos dous sexos